

*Así se extrae do libro **Prestige crónica negra dun modelo enerxético insostible**, presentado hoxe no castelo de Santa Cruz, en Oleiros*

## **A implantación de enerxías alternativas que produzan impacto ambiental poden derivar na substitución de comunidades vexetais**

- NO VOLUME, O CEIDA E A FUNDACIÓ TERRITORI I PAISATGE COLABORAN PARA REFLEXIONAR SOBRE O MODELO ENERXÉTICO ACTUAL

**Oleiros, 25 de xaneiro de 2008.**- Se as enerxías alternativas non se libran de ter calquera tipo de impacto ambiental, non só a hidroeléctrica e a eólica, senón tamén a maremotriz ou a biomasa, poden levar á substitución de comunidades vexetais e ao empobrecemento biolóxico.

Así se extrae do libro ***Prestige crónica negra dun modelo enerxético insostible***, editado polo Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA) coa colaboración e patrocinio da Fundació Territori i Paisatge de Caixa Catalunya, presentado hoxe no castelo de Santa Cruz (Oleiros) polos directores de ambas entidades, Carlos Vales e Jordi Sargatal, respectivamente.

Nesta liña, e segundo se desprende igualmente do volume, a necesidade de buscar alternativas enerxéticas capaces de facer fronte ao cambio climático tense utilizado a miúdo para xustificar produtos enerxéticos de enorme impacto ambiental. É o caso, por exemplo, de parques eólicos que se instalan en zonas que implican un impacto ambiental e paisaxístico inaceptable desde unha racionalidade de uso sustentable dos recursos do territorio.

Pero o libro tamén alude á enerxía nuclear. A pesar de que os seus promotores a pretendan presentar como opción inevitable para frear o cambio climático, os seus elevadísimos riscos ambientais asociados, centrados basicamente na xestión de residuos radioactivos ou na ameaza de accidentes, e a súa incapacidade para ofertarse como alternativa a curto

*O CEIDA, froito dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia, a Universidade da Coruña e o Concello de Oleiros, é o centro de referencia para a educación ambiental en Galicia; promove a educación ambiental en todos os sectores sociais e o intercambio científico e cultural; traballa na procura de solucións aos problemas ambientais e fomenta as boas prácticas cidadás neste eido.*

prazo ou para resolver algún dos problemas centrais das causas do cambio climático, fai que deban procurarse outras alternativas menos perigosas.

*Prestige crónica negra dun modelo enerxético insostible* ten a súa base nunha exposición producida tras a catástrofe do petroleiro entre as dúas entidades e que leva o mesmo nome, que pretende non só falar da marea negra e os seus impactos ambientais, senón reflexionar sobre a importancia de conservar os océanos e sobre a insostibilidade do modelo enerxético baseado no consumo masivo de combustibles fósiles, así como na inequidade, ineficiencia e nos impactos socioambientais do modelo.

### **CD interactivo**

Ademais deste exemplar, impreso en galego e catalán, tense editado un CD interactivo, igualmente nos dous idiomas, con informes sobre os efectos dos verquidos de petróleo sobre as pesquerías de Galicia ou a hidrolimpeza do litoral galego; os paneis da mentada exposición; ou material didáctico no que se inclúen imaxes e gráficas sobre a distribución mundial de reservas, produción e consumo de petróleo, disposición do consumo de enerxía nunha casa ou consellos para un fogar enerxéticamente máis ecolóxico, entre outros temas.

Área de Información e Comunicación do CEIDA

*O CEIDA, froito dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia, a Universidade da Coruña e o Concello de Oleiros, é o centro de referencia para a educación ambiental en Galicia; promove a educación ambiental en todos os sectores sociais e o intercambio científico e cultural; traballa na procura de solucións aos problemas ambientais e fomenta as boas prácticas cidadás neste eido.*